




http://www.youtube.com/watch?feature=player_detailpage&v=7wHrTyvXEiI (Adiós ríos... en árabe)

<https://youtu.be/tdFHyOL4VJo> (versión galega de Amancio Prada)

Adiós ríos, adiós fontes وداعا يا أنهار، وداعا يا ينابيع

Adiós, ríos; adiós, fontes;	وداعا يا أنهار؛ وداعا يا ينابيع؛
adiós, regatos pequenos;	وداعا، أيتها البرك الصغيرة؛
adiós, vista dos meus ollos,	وداعا، لما راته عيوني،
non sei cando nos veremos.	لا أعرف متى سنرى بعضا مجدد.
Miña terra, miña terra,	أرضي، يا أرضي،
terra donde m'e u criei,	يا أرضا كبرت فيها،
hortiña que quero tanto,	يا بستانا أحب كثيرا،
figueiriñas que prantei.	يا أشجار تين زرعت.
Prados, ríos, arboredas,	مروجا، أنهار، بساتين،
pinas que move o vento,	بساتين صنوبر تداعبها الريح،
paxariños piadores,	يا طيور زقزقت،
casiñas d'o meu contento.	يا بيت فرحي .
Muiño dos castaños,	و مطحنة أرض الكستناء،
noites craras do luar,	و ضوء القمر في ليلة صافية،
campaniñas timbradoiras	و أجراسا تدق
da igrexiña do lugar.	من كنيسة المكان .
Amoriñas das silveiras	يا ثمر شجر العليق
que eu lle daba ó meu amor,	الذي اعتدت قطفه لمحبيتي،
camiñoños antre o millo,	يا دروبا بين حبوب الذرة،
¡adiós para sempre adiós!	وداعا، إلى الأبد وداع !
¡Adiós, gloria! ¡Adiós, contento!	وداعا أيها النعيم! وداعا يا سعاد !
¡Deixo a casa onde nascín,	سأترك المنزل الذي ولدت فيه،
deixo a aldea que conoso,	سأترك القرية التي أعرفها،
por un mundo que non vin!	للعالم لم أره بعد!
Deixo amigos por extraños,	سأترك الأصدقاء من أجل الغرباء،
deixo a veiga polo mar;	سأترك الأرض الخصباء من أجل البحر،
deixo, en fin, canto ben quero...	سأترك، يا إلهي، ما أحب كثير ...
¡quén puidera non deixar!	من لديه القدرة أن لا يرح !

Adiós, adiós, que me vou,	وداعا، وداعا، ها أنا أرحل،
herbiñas do camposanto,	يا عشب المقابر،
donde meu pai se enterrou,	أين دفن أبي،
herbiñas que biquei tanto,	عشبا قبلت بشدة،
terriña que nos criou.	أرضا أحييتنا .
Xa se oien lonxe, moi lonxe,	لقد سمعنا من بعيد، بعيد جداً،
as campanas do pomar;	أجراس من بومار؛
para min, ¡ai!, coitadiño,	من أجلي، اوه! يا مسكين،
nunca máis han de tocar.	لن يدقوا الأجراس مجدداً أبداً.

¡Adiós tamén, queridiña...	وداعا أيضا أيتها المحبوبة...
Adiós por sempre quizáis!...	ربما وداعا للأب...!
Dígoche este adiós chorando	أخبرك بهذا الوداع و أنا أبكي
desde a beiriña do mar.	من سواحل البحر .
Non me olvides, queridiña,	لا تنسيني يا محبوبتي،
si morro de soidás...	إذا مت من العزلة ...
tantas légoas mar adentro...	بعيدا جدا عن الساحل ...
¡Miña casiña!, ¡meu lar!	يا بيتي!، يا وطن !

<https://www.youtube.com/watch?v=7WvEph3VAv0> (A xustiza pola man. Son da rúa)
<https://www.bing.com/videos/search?q=a+xustiza+pola+man&docid>
<https://youtu.be/bgJyuzrye-g> (Nao)

Aqués que ten fama de honrados na vila
 roubáronme tanta brapura que eu tiña,
 botáronme estrume nas galas dun día,
 arroupada decote puñeronma en tiras.
 nin pedra deixaron, en donde eu vivía;
 sen lar, sen abrigo morei nas curtiñas,
 o raso cas lebres durmín nas campías;
 meus fillos, meus anxos que eu tanto quería
 morreron, morreron ca fame que tiñan.
 Quedei deshonrada, mucháronme a vida,
 fixéronme un leito de toxos e silvas
 en tanto os raposos de sangue maldita
 tranquilos nun leito de rosas durmían.
 Quedei deshonrada, mucharonme a vida
 fixéronme un leito de toxos e silvas
 y en tanto raposos, durmían.
 Salvádeme oh xueces, berrei tolería
 de min se mofaron, vendeume a xusticia.
 Bon Dios axudáime, berrei berrei inda
 tan alto que estaba, bon Dios non me oíra.
 Entonces cual loba doente ou ferida,
 dun salto con rabia pillei a fouciña
 rondei paseniño nen as herbas sentían
 e a lúa escondíase y a fera dormía
 cos seus compañeiros en cama mullida.
 Mireinos con calma e as máns estendidas
 dun golpe, dun soio deixei nos sen vida

e o lado contenta, sentéime das vitimas,
tranquila, esperando pola alba do día.
Entonces, entonces cumpriuse a xusticia
eu neles e as leises nas máns que os ferira.

https://youtu.be/z_lfDOzA_jc?t=116

Airiños, Airiños, Aires

Sen ela vivir non podo, non podo vivir sen ela
E onde queira que vaia cóbreme unha sombra espesa.
Cóbreme unha espesa nube, tal preñada de tormentas,
Tal de soidás preñada que a miña ida envelena.
Levaime, levaime, airiños, coma unha folliña seca
Que seco tamén me puxo a callentura que queima.
Ai! Se non me levades pronto, airiños da miña terra
Se non me levais, airiños quizais xa non me coñezan.
Levaime, levaime, airiños, levaime onde me espera
Unha nai que por min chora, un pai que sin min n'aventa.
Irmán por quen daría, a sangue das miñas venas,
Un amorciño que en alma a vida lle prometera.
Se pronto non me levades, ai! Morrerei de tristeza,
Soio nunha terra estraña, onde o estraño me alumea.
Onde todo canto miro, todo me di estranxeiro.
Ai miña probe casiña! Ai meu puchiño vermello!
Non permitais que aquí morra, airiños da miña terra,
Inda penso que de morto ei de suspirar por ela.
Inda penso, airiños, aires, que despois de morto sea,
Pases polo camposanto onde enterrado me teñan.
Pases na calada noite, ruxindo entre as follas secas,
O murmurar dos medosos, atrás tantas calaveras.
Ainda despois de mortío, airiños da miña terra,
HEIVOS DE BERRAR AIRIÑOS, AIRIÑOS, LEVAIME A ELA

<https://youtu.be/8MSpUi7qWTs> Castellanos castilla.

Castellanos de Castilla, tratade ben ós gallegos; cando van, van como rosas; cando vén, vén como negros.	En trós de palla sentados, sin fundamentos, soberbos, pensás que os nosos filliños para serviros naceron.
Cando foi, iba sorrindo; can do veu, viña morrendo a luciña dos meus ollos, O amantiño do meu peito.	E nunca tan torpe idea, tan criminal pensamento coupo en máis fatuas cabezas ni en máis fatuos sentimentos.
Aquel máis que neve branco, aquel de dosuras cheio, aquel por quen eu vivía e sin quen vivir non quero.	Que Castilla e castellanos, todos nun montón a eito, non valen o que unha herbiña destes nosos campos frescos.
Foi a Castilla por pan, e saramagos lle deron; déronlle fel por bebida,	Sólo pesoñosas charcas detidas no ardente suelo, tes, Castilla, que humedezan

peniñas por alimento. Déronlle, en fin, canto amargo ten a vida no seu seo ... ¡Castellanos, castellanos, tendes corazón de ferro! ¡Ai!, no meu corazónciño xa non pode haber contento, que está de dolor ferido, que está de loito cuberto. Morréu aquel que eu quería, e para min n´hai consuelo: sólo hai para min, Castilla, a mala lei que che teño. Premita Dios, castellanos, castellanos que aborreso, que antes os gallegos morran que ir a pedirvos sustento. Pois tan mal corazón tendes, secos fillos do deserto, que si amargo pan vos ganan, dádesllo envolto en veneno. Aló van, malpocadiños, todos de esperanzas cheios, e volven, ¡ai!, sin ventura, con un caudal de despresos. Van probes e toman probes, van sans e toman enfermos, que anque eles son como rosas, tratádelos como negros. ¡Castellanos de Castilla, tendes corazón de aceiro, alma como as penas dura, e sin entrañas o peito!	esos teus labios sedentos. Que o mar deixóute olvidada e lonxe de ti correron as brandas auguas que traen de prantas cen semilleiros. Nin arbres que che den sombra, nin sombra que preste alento... Llanura e sempre llanura, deserto e sempre deserto... Esto che tocóu, coitada, por herencia no universo; ¡miserable fanfarrona ...!, triste herencia foi por certo. En verdad non hai, Castilla, nada como ti tan feio, que aínda mellor que Castilla valera decir inferno. ¿Por qué aló foches, meu ben? ¡Nunca tal houberas feito! ¡Trocar campiños frolidos por tristes campos sin rego! ¡Trocar tan craras fontañas, ríos tan murmuradeiros por seco polvo que nunca mollan as bágoas do ceo! Mais, ¡ai!, de onde a min te foches sin dor do meu sentimento, i aló a vida che quitaron, aló a mortíña che deron. Morreches, meu quiridiño, e para min n´hai consuelo, que onde antes te vía, agora xa sólo unha tomba vexo. Triste como a mesma noite, farto de dolor o peito, pídolle a Dios que me mate, porque xa vrvtr non quero. Mais en tanto non me mata, castellanos que aborreso, hei, para vergonza vosa, heivos de cantar xemendo: ¡Castellanos de Castilla, tratade ben os galegos cando van van como rosas cando vén vén coma negros
---	--

--	--

Negra sombra.

<https://youtu.be/YFIpt9IcPaw> (Karaoke). Para cantar na clase?

<https://youtu.be/RoEveEEKGI>

<https://www.aelg.gal/resources/upload/2021/2021%20Dia%20de%20Rosalia%20ensino%20Sebastian%20Black%20e%20Its%20Soul.mp4> (mímica)

Cando penso que te fuches,
negra sombra que me asombras,
ó pé dos meus cabezales
tornas facéndome mofa.

Cando maxino que es ida,
no mesmo sol te me amstras,
i eres a estrela que brila,
i eres o vento que zoa.

Si cantan, es ti que cantas,
si choran, es ti que choras,
i es o marmurio do río
i es a noite i es a aurora.

En todo estás e ti es todo,
pra min i en min mesma moras,
nin me abandonarás nunca,
sombra que sempre me asombras.

<https://youtu.be/o6P78RJJbCw> Narf cantando a Rosalía en clave de rock.

Amores cativos

Era delor i era cólera,
era medo i aversión,
era un amor sin medida,
jera un castigo de Dios!
Que hai uns negros amores de índole pezoñenta
que privan os espritos, que turban as concencias,
que morden si acariñan, que cando miran queiman,
que dan dores de rabia, que manchan e que afrentan.
Máis val morrer de friaxen
que quentarse á súa fogueira.

<https://youtu.be/ALVvZporxiM>
Negro Caravel

Así che falei un día
camiño de San Lois,

todo oprimido de angustia,
todo ardente de pasión,
mentras que ti me escoitabas
depenicando unha frol,
porque eu non vise os teus ollos
que refrexaban traiciós.

“Quixente tanto, meniña
tívenche tan grande amor,
que para mín eras lúa,
branca aurora e craro sol;
auga limpa en fresca fonte,
rosa do xardín de Dios,
alentiño do meu peito,
vida do meu corazón”

Dempois que si me dixeches,
en proba de teu amor,
décheme un caraveliño
que gardei no corazón.
¡Negro caravel maldito,
que me fireu de dolor!
Mais a pasar polo río,
¡o caravel afondou!...

“Quixente tanto, meniña
tívenche tan grande amor,
que para mín eras lúa,
branca aurora e craro sol;
auga limpa en fresca fonte,
rosa do xardín de Dios,
alentiño do meu peito,
vida do meu corazón”

Tan bo camiño ti leves
como o caravel levou

<https://youtu.be/zCGfxSBmmlc> Alborada Carlos Núñez.

Vaite noi- te- vai fuxin- do- Vente auro- ra vente abrin- do co teu ros- tro que sorrin- do ¡¡¡a sombra espanta!!! ¡Canta, paxariño can- ta de ponliña en pon- la que o sol se levan- ta polo monte ver- de polo verde mon- te alegrando as her- bas alegrando as fon- tes!... Que a auroriña	Cor... de alba hermosa lles estende nos vidriños cariñosa, onde o sol tamén suspende, cando aló no mar se tende de fogax larada viva, dempois leve, fuxitiva, triste, vago resprandor. Noite escura logo ven, e moito dura co seu manto de tristura, con meigallos
--	--

o ceu colora
cuns arbores
que namora,
cun sembrante
de ouro e prata
teñidiño
de escarlata.
Cuns vestidos
de diamante
que lle borda
o sol amante
antre as ondas
de cristal.

Branca auro- ra
ven chegan- do
i ás porti- ñas
vai chaman- do
dos que dor- men
esperan- do
¡o teu fulgor!...

e temores,
agoreira
de dolores,
agarimo
de pesares,
cubridora
en todo mal,

¡sal!...
¡Sal!

Señora en todo mal,
que o sol
xa brila
nas cunchiñas do areal,
que a luz
do día
viste a terra de alegría,
que o sol
derrete con amor a escarcha fría.

¡Arriba
todas, rapaciñas do lugar!,
que o sol
i a aurora xa vos vén a espertar.
¡Arriba!
¡Arriba, toleirona mocidad!,
que atru-
xaremos-cantaremos o ¡¡¡ala...lá!!!...